

MEMORIA XUSTIFICATIVA

PROXECTO:

“APLICACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS Ó SECTOR DO
MARISQUEO NA RÍA DE NOIA”

Achéganse os documentos xustificativos correspondentes as actividades efectuadas na anualidade 2021 ó aveiro do proxecto **GALP4-095: "APLICACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS Ó SECTOR DO MARISQUEO NA RÍA DE NOIA"** no conxunto das confrarías de pescadores beneficiarias:

- Confraría de Pescadores San Bartolomé de Noia.
- Confraría de Pescadores de Muros.
- Confraría de Pescadores San Telmo de Porto do Son.
- Confraría de Pescadores San Andrés de Portosín.

Actividades anualidade 2021

Na seguinte táboa detállanse as actividades planificadas na anualidade 2021 seguido do cronograma de execución:

Actividade	Descrición
Actividade 3 Aplicación app	Publicación da aplicación móbil e formación o colectivo de usuarios (mariscadores).
Actividade 4 Control de asistencia/extracción	Adquisición de material para a execución dos controis de extracción e asistencia e formación, asesoramento e supervisión do persoal encargado de executalos.
Actividade 5 Soporte, seguimento e monitorización	Soporte e seguimento das incidencias tanto no relativo o backend (supervisores), controis de extracción como para atender as incidencias dos usuarios da app (instalación, rexistro).

[illegible]

Descrición das actividades

Os traballos foron executados de forma coordinadas coas diferentes confraría de xeito que se procurou na media do posible avanzar no proxecto ó mesmo paso.

Actividade 3: Aplicación app

Esta actividade inclúe as tarefas de desenvolvemento, personalización e publicación da aplicación móbil nos repositorios de aplicacións de Google/Apple así como o asesoramento e formación os usuarios da aplicación de control (supervisores) e da app (mariscadores).

Subtarefa	Data
Publicación da app	Abril 2021
Formación a supervisores	Agosto-Septembro 2021
Formación mariscadores: - Material informativo, vídeo tutoriais. - Sesións presenciais en puntos de venda - Sesións presenciais en salas	Setembro 2021 Novembro 2021 Decembro 2021

A situación sanitaria e a incidencia do **COVID** vivida no 2021 afectou de xeito importante á planificación desta actividade ao incluír formación baixo o formato de sesións presenciais con colectivos de entre entre 20-30 persoas.

De cara a mitigar o seu impacto formulase incorporar usuarios á aplicación a través dunha formación e soporte en remoto. Para isto prepárase material informativo tales como vídeo tutoriais, folletos e habilitase un canal de soporte.

Este material será publicado nas semanas previas a formación presencial buscando con isto que a incorporación a aplicación sexa para todo o colectivo no mesmo período.

As sesións formativas (para grupos reducidos) estableceuse para o mes de **Agosto** (unha vez publicada a aplicación), co obxectivo de que os usuarios estean incorporados antes do inicio da campaña.

Pero nese mes de Agosto prodúcese un novo incremento da incidencia o que motiva un novo aprazamento na planificación, e tendo en conta a carga de traballo na confraría debido a preparación para o inicio da campaña (altas de carnés, etc) se decide pospoñer esta tarefa e a personalización das tarxetas para unha vez que se inicie a campaña (Setembro-Outubro 2021).

Unha vez iniciada a campaña estableceuse como formato para impartir a formación a atención en campo dos usuarios, propoñendo puntos de soporte e atención na lonxa ou puntos de control (lugares concorridos en días de traballo). Desta forma resulta máis cómodo para os usuarios, evítase a agrupación de persoas en lugares pechados e garantese unha maior seguridade por tratarse de entornos ao aire libre.

ACTIVIDADE 4: Control asistencia/extracción

Esta actividade compoñese das seguintes tarefas:

- **Material para os controis de extracción:** Smartphones, plataformas de pexase, impresoras, tarxetas personalizadas.
- **Formación** e supervisión os vixilantes e supervisores na execución dos controis de extracción.

Para poder levar a cabo a execución da formación nesta actividade é preciso que os mariscadores dispoñan da aplicación e que se inicie a campaña, para poder executar os controis de extracción/asistencia nun escenario real.

Subtarefa	% Exec	Data
Material: - Smartphones, Impresoras, Plataformas	100%	Abril-Agosto 2021
Formación control asistencia/extracción	100%	Xullo-Decembro 2021

ACTIVIDADE 5: Soporte, seguimento e monitorización

Esta actividade inclúe a administración e monitorización dos sistemas dende o momento da posta en marcha, soporte a usuarios e supervisores e monitorización en campo da execución dos controis

Obxectivos acadados

Co proxecto de APLICACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS Ó SECTOR DO MARISQUEO NA RÍA DE NOIA preténdese contribuír, entre outros, os principios horizontais dos fondos Europeos (desenvolvemento sustentable, igualdade home-muller e non discriminación) establecendo como acadados os obxectivos fundamentais seguintes:

1. **Caracter innovador.** Aumento de valor, promoción da innovación e as novas tecnoloxías coa súa incorporación e afianzamento no sector da acuicultura e marisqueo.
2. Mellora global da **produtividade, trazabilidade e xestión** no sector.
3. **Impulso do empoderamento das mulleres** nas novas tecnoloxías e a información. A través da implantación inicial e formación enfocada no colectivo de marisqueo a pé formado principalmente por mulleres.
4. **Incrementar a coxestión: colaboración e cohesión entre as entidades** do colectivo o establecerse ferramentas que permiten marcos comúns de traballo con independencia do seu tamaño e capacidade económica.
5. **Axilizar os mecanismos de comunicación** coa administración permitindo a exportación a formato estándar ou integración cos sistemas utilizados pola administración para a captura de datos.

6. **Impacto social.** Mellora no acceso a información e polo tanto a calidade de vida para os profesionais do sector do mar.
7. **Impacto medioambiental positivo.** A implantación de solucións baseadas nas novas tecnoloxías permite unha redución do consumo de papel, enerxía e desprazamentos, etc. O que se traduce nunha redución dos residuos, emisións de CO2 e consecuentemente a pegada de carbono de todos os procesos produtivos implicados (fabricación de pasta de papel, combustibles, etc). Mellorar o impacto medioambiental directo e indirecto que se produce como consecuencia da actividade e explotación dos recursos naturais constitúe, para o sector do mar, unha proposta de valor fundamental e necesaria.

Resultados previstos

O fomento da incorporación das novas tecnoloxías no sector permite reforzar a incorporación laboral/profesional da mocidade e a profesionalización do sector pesqueiro.

O uso da solución en diferentes áreas de explotación permite homoxeneizar os procesos e regras de forma que as diferentes agrupacións poderían converxer cara unha forma común de organizar os traballos. A incorporación dunha solución como servizo (SaaS) ou solución na nube, permite establecer nexos comúns entre as agrupacións e confrarías que incrementarán os mecanismos de cooperación entre as entidades do sector.

O proxecto permitirá maximizar as oportunidades de futuro no eido das novas tecnoloxías para a mocidade das áreas de actuación dos GALP, dando a oportunidade de que identifiquen alternativas reais profesionais no ámbito tecnolóxico, e así incentivar a súa vocación de futuro e poidan adoitir un camiño de formación nas áreas técnicas e de novas tecnoloxías.

Divulgación do proxecto

Dase difusión do proxecto a través de:

- Páxina web da confraría de noia (www.cofradianoia.com)
- A paxina web da plataforma xesmar.es
- A redes sociais da plataforma xesmar (Twitter: [@infoxesmar](https://twitter.com/infoxesmar) e instagram [infoxesmar](https://www.instagram.com/infoxesmar))

Firma: Confraría de Pescadores San Bartolomé de Noia